



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta por escrito en relación con la participación de miembros del Gobierno del Estado en el denominado Foro «La Toja» Vínculo Atlántico que continúa desvirtuando la toponimia gallega y que contará con la presencia del exministro israelí que dirigió la «Operación Plomo Fundido» contra la población palestina de Gaza en 2008-2009.**

Como cada año, el denominado Foro «La Toja» Vínculo Atlántico celebrará una nueva edición, la VII, en la Isla de A Toxa los próximos días 3, 4 y 5 de octubre, vulnerando, una vez más, la legalidad en vigor y el respeto por la toponimia oficial de Galicia a pesar de las denuncias y protestas que organizaciones sociales, políticas y de defensa de la lengua gallega vienen realizando desde la primera edición.

Este evento cuenta año tras año con la presencia de representantes del Gobierno del Estado actual, así como de exministros y ministras, cargos institucionales de la Xunta, de la UE, así como de personas de relevancia en el mundo económico y empresarial.

Así, en esta nueva edición, está confirmada la participación del Ministro de Economía y Comercio, el Sr. Carlos Cuerpo, en una de las ponencias y, con su presencia, da su apoyo a la organización y avala el flagrante incumplimiento de la legalidad lingüística. Los cargos públicos y miembros del Gobierno del Estado deberán exigir el respeto a la toponimia gallega y de las normas en vigor como condición mínima para favorecer con su presencia este evento.

Pero esta vez, el Foro no solo destaca por la reiterada vulneración de la toponimia oficial de Galicia, sino que se suma al ensalzamiento del Estado de Israel mientras este continúa con sus ataques contra el pueblo palestino en Gaza, al invitar también al criminal sionista, Ehud Olmert, quien ocupó altos cargos en el Gobierno de Ariel Sharon y que llegó a ser primer ministro desde abril de 2006 hasta 2009, época en la que fue responsable de la Operación Plomo Fundido, siendo el artífice de la devastación y destrucción de Gaza en los años 2008 y 2009, en la que se mataron a miles de palestinos, se destruyeron hospitales, escuelas, viviendas y muchas infraestructuras esenciales de la ciudad.



Que cargos del Gobierno del Estado presten su apoyo al Foro también implica dar cobertura a la presencia en el mismo del ex primer ministro israelí que masacró años atrás a la población palestina y destruyó Gaza. Por tanto, no sería coherente ni ético que el Ejecutivo, que dice condenar el genocidio palestino, mantenga su participación al lado de un criminal sionista con ese historial.

En resumen, resulta absolutamente censurable la negativa del Foro Vínculo Atlántico de respetar y cumplir la normativa legal establecida y que, en la situación actual del pueblo palestino, se invite a participar a un reconocido sionista.

En última instancia, el Gobierno debe negar su apoyo público al evento y dirigirse a la organización para exigirle que asuma la legalidad vigente y respete la nomenclatura establecida por la Xunta de Galicia y la retirada de la participación de representantes del sionismo.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Considera el Gobierno que es lícita la participación de miembros del Gobierno del Estado en un evento que vulnera abiertamente los derechos lingüísticos y la toponimia oficial de Galicia, además de dar soporte a un reconocido representante del sionismo en el actual contexto de agresiones ilícitas contra el pueblo palestino?
2. ¿Comparte que con la presencia de miembros del Gobierno está dando apoyo a esa vulneración de la legalidad vigente sobre la toponimia en Galicia, a la vez que, en esta ocasión, presta apoyo al discurso del sionismo?
3. ¿Se dirige el Gobierno a los organizadores del Foro «La Toja» Vínculo Atlántico para que utilicen la forma toponímica legal A Toxa? ¿Qué medidas adoptará para lograrlo?
4. ¿Otorgará la Administración General del Estado ayudas directas o indirectas a las entidades organizadoras? ¿A cuánto ascendió el gasto en seguridad a cargo de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado en la pasada edición de 2024 derivada de la presencia de cargos institucionales y personalidades públicas en el evento? ¿Cuál es la previsión de gasto para esta edición 2025 en seguridad por parte del Estado?
5. ¿Exigirá el Gobierno la retirada del Foro de la participación del exministro israelí Ehud Olmert, artífice de la conocida «Operación Plomo Fundido» (2008-2009) contra la población civil palestina de Gaza cuando era primer ministro (2006-2009)?
6. ¿Valora el Gobierno no participar en el Foro si la organización mantiene la presencia de una persona que ocupó altos cargos durante años en Israel y fue responsable de la



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



matanza de personas palestinas y de la destrucción de Gaza, y si no se corrige el topónimo distorsionado en su nomenclatura?

Madrid, a 22 de septiembre de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

22 SEP. 2025 18:33:35

Entrada **81314**

Sobre a participación de membros do Goberno no denominado Foro Vínculo Atlántico na Illa da Toxa

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á participación de membros do Goberno do Estado no denominado Foro “La Toja” Vínculo Atlántico que continúa a deturpar a toponimia galega e que contará coa presenza do ex Ministro israelí que dirixiu a “Operación Chumbo Fundido” contra a poboación palestina de Gaza en 2008-2009.**

Como cada ano, o denominado Foro “La Toja” Vínculo Atlántico dispónse a celebrar os vindeiros 3, 4 e 5 de outubro, outra edición, a VII, na Illa da Toxa, vulnerando, máis unha vez, a legalidade vixente e o respecto pola toponimia oficial da Galiza a pesar das denuncias e protestas que as organizacións sociais, políticas e de defensa da lingua galega teñen realizado desde a primeira edición.

Este evento conta ano tras ano coa presenza de representantes do Goberno do Estado en activo, ademais de exministros e ministras, cargos institucionais da Xunta, da UE, ademais de persoas de relevancia do mundo económico e empresarial.

Así, nesta nova edición está confirmada a participación do Ministro de Economía e Comercio, o Señor Carlos Cuerpo, nun dos relatorios e, coa súa presenza, da ou seu apoio á organización e avala o flagrante incumprimento da legalidad lingüística. Os cargos públicos e membros do Goberno do Estado deberan exixir o respecto da toponimia galega e das normas vixentes como condición mínima para favorecer coa súa presenza este evento.

Mais desta volta, o Foro non só destaca pola reiterada vulneración da toponimia oficial da Galiza, senón que suma o enxalzamento do Estado de Israel mentres





este continúa cos seus ataques ao pobo palestino en Gaza, ao convidar tamén ao criminal sionista, Ehud Olmert, quen ocupou altos cargos no Goberno de Ariel Sharon e que se converteu en Primeiro Ministro desde abril de 2006 ate 2009, época na que foi o responsábel da Operación Chumbo Fundido, sendo o artífice da devastación e da destrución de Gaza nos anos 2008 e 2009, na que se mataron a milleiros de palestinos, destruíronse hospitais, escolas, vivendas e moitas infraestruturas esenciais da cidade.

Que cargos do Goberno do Estado presten o seu apoio ao Foro, implica tamén pois, dar cobertura á presenza no mesmo do ex Primeiro Ministro israelí que masacrou anos atrás á poboación palestina e destruíu Gaza. Por tanto, non sería coherente nin ético que o Executivo, que di condenar o xenocidio de Palestina, manteña a súa participación ao lado dun criminal sionista con este historial.

En definitiva, resulta absolutamente censurábel a negativa do Foro Vínculo Atlántico a respectar e cumprir coa normativa legal establecida e que, na actual situación do pobo palestino, se convide a participar a un recoñecido sionista.

En definitiva, o Goberno debe negar o seu apoio público ao evento e que se dirixa á organización para exixir que asuma a legalidade vixente e respecte o nomenclátor establecido pola Xunta de Galiza e a retirada da participación de representantes do sionismo.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Considera o Goberno que é lícita a participación de membros do Goberno do Estado nun evento que abertamente vulnera os dereitos lingüísticos e a toponimia oficial da Galiza ademais de dar soporte a un recoñecido representante do sionismo no actual contexto de agresións ilícitas ao pobo palestino?



2. Comparte que coa presenza de membros do Goberno está dando apoio a esa vulneración da legalidade vixente sobre toponimia na Galiza, ao tempo que tamén, nesta ocasión, presta apoio ao discurso do sionismo?
3. Dirixirase o Goberno aos organizadores do Foro “La Toja” Vínculo Atlántico para que utilicen a forma toponímica legal A Toxa? Que medidas adoptará para logralo?
4. Outorga a Administración Xeral do Estado axudas directas ou indirectas ás entidades organizadoras? A canto ascendeu o gasto en seguridade a cargo das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado da edición pasada 2024 derivada da presenza de cargos institucionais e personalidades públicas no evento? Cal é a previsión de gasto para esta edición de 2025 en seguridade por parte do Estado?
5. Exixirá o Goberno a retirada do Foro da participación do ex Ministro de Israel, Ehud Olmert, artífice da coñecida “Operación Chumbo Fundido” (2008-2009) contra a poboación civil palestina de Gaza cando foi Primeiro Ministro (2006-2009)?
6. Valora o Goberno non participar no Foro se a organización mantén a presenza dunha persoa que tivo altos cargos durante anos en Israel e foi responsábel da matanza de persoas palestinas e da destrución de Gaza e se non se corrixe o topónimo deturpado da súa nomenclatura?

Madrid, a 22 de setembro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso